

# **INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE XUÑO DE 2023**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA .....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas .....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas .....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.2.	Días de precipitación en xuño de 2023.....	20
6.3.	Evolución da precipitación en xuño de 2023 .....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	27
9	RAIOS.....	28

### **Anexos:**

#### **Resumo mensual**

**Calendario de xuño de temperatura mínima**

**Calendario de xuño de temperatura máxima**

**Calendario de xuño de precipitación acumulada**

**Calendario de xuño de refacho máximo**

**Data edición: 06/07/2023**

**Mes de xuño moi cálido e moi húmido****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < \text{mínimo en 1981-2010}$	Extremadamente frío
$\text{mínimo en 1981-2010} \leq T < 20\%$	Moi frío
$20\% \leq T < 40\%$	Frío
$40\% \leq T \leq 60\%$	Normal
$60\% < T \leq 80\%$	Cálido
$80\% < T \leq \text{máximo en 1981-2010}$	Moi cálido
$T > \text{máximo en 1981-2010}$	Extremadamente cálido

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$P < \text{mínimo en 1981-2010}$	Extremadamente seco
$\text{mínimo en 1981-2010} \leq P < 20\%$	Moi seco
$20\% \leq P < 40\%$	Seco
$40\% \leq P \leq 60\%$	Normal
$60\% < P \leq 80\%$	Húmido
$80\% < P \leq \text{máximo en 1981-2010}$	Moi Húmido
$P > \text{máximo en 1981-2010}$	Extremadamente Húmido

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.



## **2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de xuño resultou moi cálido pero ao mesmo tempo tamén moi húmido. Esta segunda circunstancia explícase polas numerosas situacións tormentosas vividas ao longo do mes, sumado á borrasca Óscar, que deixou un par de días de chuva xeneralizada e por momentos de bastante intensidade, o que inclinou a balanza claramente do lado dun exceso de chuva para un mes de xuño. En canto ás temperaturas, mesmo neses períodos de chuva non foron baixas e na segunda quincena do mes viviuse un importante episodio de calor.

Así, os 5 primeiros días foron moi semellantes, con mañás tranquilas e tardes tormentosas, sempre con temperaturas normais ou altas para a época do ano. Pero na xornada do 6 comezamos a notar a presenza da borrasca Óscar. Esta borrasca localizábase nunha latitude máis ao sur que a de Galicia, polo que arrastraba aire cálido que provocaba un importante incremento das temperaturas nesa xornada.

Xa o día 7 unha fronte fría atravesaba toda Galicia durante a mañá, deixando cantidades de chuva significativas e un importante descenso nas temperaturas. Esas chuvias asociadas á borrasca Óscar continuaron aínda nas xornadas do 8 e o 9, aínda que dun xeito máis convectivo.

Nos seguintes días, entre o 10 e o 13, quedou aínda unha zona de aire frío en altura, de xeito que a inestabilidade foi de novo protagonista, con chuvascos, menos xeneralizados e máis ocasionais que en días anteriores, pero aínda localmente intensos, con puntos nos que se rexistrou aparato eléctrico, destacando a tarde do día 12 con máis de 4.000 raios rexistrados.

Xa na xornada do 14 unha cuña anticiclónica achegou estabilidade, que nos seguintes 3 días deixaba ceos despexados e temperaturas en ascenso.

Pero o 17 pola tarde un centro de baixas presións comezou a achegarse deixando aumento da nebulosidade e chuvias que continuarían na madrugada do 18. O día 19 rexistramos o paso dunha fronte bastante activa asociada a ese centro de baixas presións, con chuvias xeneralizadas. Esta baixa aínda tivo algún efecto o día 20, con



chuvias xa moi irregulares. O 21 foi o clásico día de tormenta, cunha mañá tranquila de ceo aberto e unha tarde con nubes de evolución diúrna e trebóns illados.

Entre o 22 e o 28, Galicia quedou na influencia das altas presións, polo que a situación meteorolóxica quedou determinada pola estabilidade, que deixaba xornadas moi solleiras. Ademais o anticiclón achegou aire cálido, polo que as temperaturas foron elevadas, particularmente na tarde do 24 cando moitos lugares superaron os 35°C.

Esta situación quebrouse momentaneamente o día 29 coa chegada de aire máis frío dende o Atlántico, que trouxo, ademais, algunhas nubes e chuvias febles á metade norte. Pero no derradeiro día do mes, de novo, as altas presións dominaron e os ceos volveron a quedar despexados.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A configuración de anomalías de presión, tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2), mostra unha anomalía moi negativa sobre o Atlántico, no contorno dos Azores, froito da desaparición do anticiclón, que se desprazou cara o norte do Continente e foi substituído por unha extensa áreas de baixas presións, o que explica o elevado número de días con inestabilidade atmosférica que afectou este mes a Galicia.




Figura 1: Anomalías de presión atmosférica ao nivel medio do mar, xuño 2023.




Figura 2: Anomalías de altura xeopotencial en 500hPa, xuño 2023.



## **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	XUÑO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.0/20.0	17.4	<b>20.0 (2023)</b>	14.2 (1972)
Tª mínima media	16.8/16.9	14.3	<b>16.9 (2023)</b>	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	14.4/14.3 (día 2)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	18.8/18.8 (día 24)	20.2 (16/06/2020)		
Tª máxima media	23.1/23.2	20.5	<b>23.2 (2023)</b>	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	32.2/31.6 (día 24)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	20.3/20.1 (día 1)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	76	24-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	7	7	18 (1935)	1 (1962)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Aínda así, o número de días de chuvia axústase ao valor climático.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2023. Temperatura: 1948-2023.

**SANTIAGO**

	XUÑO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.3	17.6	20.1 (2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	14.5	12.6	<b>14.5 (2023)</b>	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	11.6 (día 5)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	17.4 (día 24)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	24.1	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	30.6 (día 24)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.9 (día 30)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	134	37-57	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	12	7	20 (1997)	1 (1996)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta a temperatura mínima e cálido a máxima. Como resultado disto, segundo a temperatura media, o mes foi moi cálido.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido, cun número de días de chuvia tamén por riba da media climática.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.





**LUGO**

	XUÑO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.9	16.8	<b>19.9 (2023)</b>	14.9 (1992)
Tª mínima media	13.6	11.0	<b>13.6 (2023)</b>	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	9.1 (día 2)	2.8 (11/06/2011)		
Tª mínima máis alta	17.2 (día 24)	17.5 (06/06/2004)		
Tª máxima media	26.3	22.6	26.3 (2004)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	34.6 (día 24)	36.4 (23/06/2020)		
Tª máxima máis baixa	20.7 (día 29)	11.0 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	132	22-40	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	10	6	16 (1982)	1 (2011)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta as temperaturas mínima e media e moi cálido á máxima.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido no que o número de días de chuvia foi maior que o valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XUÑO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.1	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	15.4	13.0	<b>15.4 (2023)</b>	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	12.7 (día 11)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	19.1 (día 24)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	24.8	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	30.9 (día 27)	39.6 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	20.0 (día 19)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	83	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	15 (2012)	0 (1962)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta a temperatura mínima e cálido a máxima. Como resultado disto, para a temperatura media o mes foi moi cálido.



A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido, cun número de días de chuvia preto do valor climático.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.

**OURENSE**

	XUÑO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.0	20.2	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	15.1	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	11.4 (día 30)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	18.4 (día 25)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	28.9	27.5	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	37.1 (día 24)	40.0 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	23.4 (día 9)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	104	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	11	5	14 (1988)	0 (2011)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínima e media e cálido en canto á máxima. A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido no que o número de días de chuvia foi máis do dobre do valor climático agardado.*


\*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron en valores moi por riba dos agardados nun mes de xuño, tanto si temos en conta os valores mínimos como os máximos. Isto foi así porque, mesmo nos períodos de baixas presións a mediados do mes, as masas de aire en superficie eran cálidas. O episodio de calor vivido entre o 22 e o 28 consolidou esta tendencia cara a un mes cálido.

### 5.1. Temperatura media das máximas

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3, foi de 23.8 °C. Os valores máis altos rexistráronse nas ribeiras do Sil e no Miño ourensá, con valores lixeiramente por riba dos 29 °C. Os valores máis baixos déronse nas zonas máis altas da orografía galega, cunha temperatura máxima media arredor dos 15 °C.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2023

## 5.2. Temperatura media das mínimas

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 13.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse, ao igual que para o caso das máximas, nas zonas con máis altitude de Galicia, acadando os 7.6 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse en practicamente todo o litoral, destacando as Rías Baixas, onde a media das mínimas foi de 17.7 °C.





Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2023

## 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

O mapa de anomalías (Figura 5) amosa desviacións positivas con respecto ao valor climático, algunhas delas moi acusadas. Así, os valores máis baixos da anomalía positiva de temperatura rexistráronse, especialmente, en áreas da provincia de Ourense, cun

valor mínimo de +0.7 °C. Os valores máis altos atópanse en localidades da comarca de Ortegal, onde a desviación máxima é de +3.7 °C. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +2.2 °C.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño de 2023 respecto ó período 1981-2010

A continuación, móstranse as anomalías máis altas e máis baixas de temperatura media nos concellos da nosa Comunidade con respecto ao período climático 1981-2010. A Táboa 1 contén as anomalías máis altas, as cales están concentradas, principalmente, cara ao norte da Comunidade. Do mesmo modo, a Táboa 2 contén as anomalías máis baixas, tamén positivas, as cales teñen unha maior representación, principalmente, na provincia de Ourense.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	3.3
Outeiro de Rei	Lugo	3.3
Rábade	Lugo	3.3
Lugo	Lugo	3.2
Abegondo	A Coruña	3.1
Begonte	Lugo	3.1
Cedeira	A Coruña	3.1
Carballo	A Coruña	3.1
Cariño	A Coruña	3.1
Carral	A Coruña	3.1

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de xuño de 2023

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Entrimo	Ourense	0.7
Lobios	Ourense	0.9
Lobeira	Ourense	1.1
Rubiá	Ourense	1.1
Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.1
Barco de Valdeorras (O)	Ourense	1.2
Carnota	A Coruña	1.2
Muíños	Ourense	1.2
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1.2
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	1.2

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de xuño de 2023

Nas Táboas 3 e 4, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2023 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Acorde aos valores da táboa, o día 24 de xuño foi a xornada máis calorosa na meirande parte da Comunidade.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2023 <u>por debaixo</u> dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/06/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.3
24/06/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	37.1
24/06/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	37.0
24/06/2023	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	36.5
24/06/2023	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	36.4
24/06/2023	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	36.1
24/06/2023	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	36.1
24/06/2023	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.6
24/06/2023	Morelle	SARRIA	Lugo	35.5
24/06/2023	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	35.4

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xuño 2023, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2023 <u>por enriba</u> dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
25/06/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	29.8
25/06/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	29.4
24/06/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29.3
24/06/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	29.1
24/06/2023	Xurés	MUIÑOS	Ourense	28.6
24/06/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	28.2
24/06/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	28.0
24/06/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	27.5
24/06/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	27.4
24/06/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.3

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xuño de 2023, altitude maior a 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xuño de 2023 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Segundo os valores da táboa, a xornada do 30 de xuño foi a máis fría en moitos puntos da Comunidade.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2023 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/06/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	3.9
30/06/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	4.0
30/06/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	4.4
30/06/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.8
30/06/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	4.8
30/06/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	4.9
30/06/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	5.1
10/06/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	5.7
30/06/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	6.4
30/06/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	6.6

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xuño de 2023, altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2023 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/06/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	4.8
30/06/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	4.9
30/06/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	6.0
30/06/2023	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	6.6
30/06/2023	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	6.8
30/06/2023	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	7.2
30/06/2023	Morelle	SARRIA	Lugo	7.2
30/06/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	7.3
02/06/2023	Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	7.4
30/06/2023	Melide	MELIDE	A Coruña	7.9

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xuño de 2023, altitude menor a 1000m.



### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023

Na Figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 19.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ao longo do período 1961-2023 para xuño

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.1 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. As temperaturas máximas e mínimas tamén estiveron por riba dos valores normais, cunhas desviacións de +1.8 e +2.4 °C, respectivamente. O precedente máis cálido atopámolo en 2005.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ao período 1981-2010

## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas acadaron rexistros superiores aos normais do mes de xuño. As precipitacións quedaron determinadas polas múltiples situacións de tormenta que se viviron nos primeiros 20 días do mes, pero sobre todo polo paso da borrasca Óscar os días 8 e 9 e outro centro de baixas presións os días 19 e 20. Ambos fenómenos deixaron chuvias xeneralizadas e de certa intensidade. Tendo en conta que a climatoloxía indica que xuño é un mes con escasa precipitación, as chuvias asociadas a esas dúas borrascas explican a gran anomalía positiva obtida neste mes de xuño do 2023.


Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 112 L/m<sup>2</sup>. Os acumulados non teñen unha distribución uniforme por mor do carácter convectivo das precipitacións ao longo do mes. Deste xeito, atopamos acumulados importantes nas catro provincias, destacando os da montaña de Lugo, na zona dos Ancares, con case 250 L/m<sup>2</sup>. Pola contra, as zonas con menos auga acumulada atópanse no extremo norte da Comunidade e na península do Barbanza, con pouco máis de 30 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2023


### 6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal

No mapa da Figura 9, pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi algo máis do 100 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación non se organiza homoxeneamente. En moitas zonas do interior, sobre todo na provincia de Ourense, vemos porcentaxes de precipitación entre 250 e 300 % por riba do normal, mentres que na comarca de Ortegal e na zona occidental da Mariña Luguesa, esa porcentaxe é dun 13 % por baixo dos valores de referencia.

**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2023

## 6.2. Días de precipitación en xuño de 2023

O número medio de días con precipitación maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$  foi de 10. O valor máximo acadouse nas zonas máis elevadas da Comunidade, en especial nas Serras Orientais na provincia de Lugo: 15 días. Pola contra, nalgúns puntos das Rías Baixas atopamos o valor máis baixo: 5 días.



**Figura 10:** Días de precipitación superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de xuño de 2023

A Táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xuño. As precipitacións acumuladas máis altas superaron os  $200 \text{ L/m}^2$  nas zonas montañosas da provincia de Lugo.



Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Ancares	CERVANTES	Lugo	234
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	221
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	197
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	189
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	188
Lobios	LOBIOS	Ourense	185
Gargamala	MONDARIZ	Pontevedra	181
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	175
Castro de Rei	CASTRO DE REI	Lugo	173
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	169

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2023


Na Táboa 8, vemos a precipitación máxima acumulada en 24 horas medida pola rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia. Especialmente, foron os trebóns os que deixaron varias xornadas con precipitacións superiores aos 50 L/m<sup>2</sup>, achegándose aos 90 no caso da estación situada no concello de Entrimo, na provincia de Ourense.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	90	08/06/2023 13:50
Ancares	CERVANTES	Lugo	65	03/06/2023 15:30
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	65	17/06/2023 20:50
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	65	08/06/2023 12:00
Campus Lugo	LUGO	Lugo	59	03/06/2023 17:50
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	58	15/06/2023 17:30
Camanzo	VILA DE CRUCES	Pontevedra	58	08/06/2023 00:00
Vigo	VIGO	Pontevedra	56	07/06/2023 16:40
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	56	08/06/2023 15:40
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	56	08/06/2023 11:10

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2023


### 6.3. Evolución da precipitación en xuño de 2023

Na Figura 11, pódese ver a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 102 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2023 para xuño

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 110 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Para atopar un xuño máis húmido temos que remontarnos ata o ano 1988.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010



## 7 VENTO

Na Táboa 9, móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Ao ser xuño un mes no que non adoita soprar moito vento, unicamente temos dúas estacións nas que se excede o limiar especificado. Ademais, a porcentaxe de calmas foi, en xeral, elevada, especialmente en zonas de interior, e non houbo unha dirección de vento predominante común en todas as estacións.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xuño				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
16/06/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	104
06/06/2023	Lira	CARNOTA	A Coruña	103

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xuño de 2023

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	103	NE	20	 INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (16/06/2023) & 06/2023 Calmas: 20%	 VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (16/06/2023) & 06/2023
		Día 7				
Punta Candieira	Cedeira	76	NE	14	 INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (08/06/2023) & 06/2023 Calmas: 14%	 VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (08/06/2023) & 06/2023
		Día 8				
Malpica	Malpica	56	NE	11	 INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (27/06/2023) & 06/2023 Calmas: 11%	 VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (27/06/2023) & 06/2023
		Día 27				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	57	NE	14		
		Día 29				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xuño de 2023 na provincia de A Coruña

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	59	E	5		
		Día 9				
Campus Lugo	Lugo	53	N	63		
		Día 4				
Ancares	Cervantes	61	NE	16		
		Día 7				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xuño de 2023 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	73	S	7	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Xares (19130) # 06/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Xares (19130) # 06/2023</p>
		Día 7				
Alto do Rodicio	Maceda	67	NE	33	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Alto do Rodicio (10071) # 06/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Alto do Rodicio (10071) # 06/2023</p>
		Día 29				
Gandarela	Celanova	46	NW	56	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Gandarela (19112) # 06/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Gandarela (19112) # 06/2023</p>
		Día 12				


Táboa 13: Resumo do vento no mes de xuño de 2023 na provincia de Ourense

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	75	S	20	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (10080) # 06/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (10080) # 06/2023</p>
		Día 6				
Illas Cíes	Vigo	57	SW	31	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Illas Cíes (19125) # 06/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Illas Cíes (19125) # 06/2023</p>
		Día 6				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xuño de 2023 na provincia de Pontevedra


## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de xuño de 2023


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008


## 9 RAIOS

Como vemos na Figura 15, a rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de xuño 16640 raios, practicamente todos eles nos primeiros quince días do mes, destacando a xornada do 12 con 4312 descargas eléctricas.



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en xuño de 2023

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se observa na Figura 16, a maioría dos raios foron detectados na provincia de Ourense, seguida da provincia de Lugo. Pola súa parte, na Coruña e en Pontevedra, detectáronse un número de raios similares.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en xuño de 2023



Na Figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xuño en Galicia dende o ano 2010 ao 2023. Con 16640 descargas eléctricas, este mes de xuño de 2023 ocupa a primeira posición nesta serie.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xuño desde 2010 a 2023

**MeteoGalicia**

**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**

**Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	18.0	23.44	33.9	24	14.4	12.5	30	83	29.8	8	**	85	99	60	43	198	1905	10	53	7	**	**	**	**	12	0	
Abradelo	17.3	23.98	31.8	24	12.3	8.1	30	66	20.1	19	**	78	96	54	53	241	2202	**	**	**	**	**	**	**	13	0	
*Alto do Faro	16.0	21.4	29.6	24	11.5	8.5	20	114	33.3	4	**	88	100	62	**	**	**	4	33	4	920	**	**	**	14	0	
*Alto do Poio	14.3	19.01	26.9	24	10.4	5.1	30	188	34.5	11	**	81	96	60	**	**	**	**	**	29	**	**	**	**	17	0	
Ancares	14.4	19.3	27.5	24	10.7	4.4	30	234	65.3	4	107	80	96	60	49	225	2159	12	60	7	865	**	**	**	16	0	
*Borreiros	18.8	24.07	28.3	24	13.9	10.2	2	62	14.0	12	-51	86	99	67	44	202	1888	4	28	9	1008	**	**	**	9	0	
Bóveda	19.1	26.09	34.0	24	13.4	8.8	30	119	28.2	12	-28	86	100	55	57	261	2376	4	53	12	966	**	**	**	9	0	
Burela	16.9	19.94	30.3	24	14.7	12.9	2	90	26.2	18	-13	89	96	74	41	186	1904	10	46	8	967	**	**	**	12	0	
Campus Lugo	18.8	26.28	34.6	24	13.6	9.1	2	132	58.8	4	2	81	100	48	43	190	2074	4	52	4	969	**	**	**	12	0	
Castro R. de Lea	18.1	24.37	33.5	24	13.7	9.9	2	118	31.3	12	**	84	99	56	52	237	2208	**	**	**	967	**	**	**	13	0	
Conchada	18.3	24.64	33.4	24	13.7	8.7	30	111	33.1	1	**	80	97	54	55	249	2331	**	**	**	**	**	**	**	10	0	
Corno do Boi	16.2	21.88	31.2	24	12.2	9.3	30	120	25.3	8	-6	84	98	58	51	234	2194	9	51	3	**	**	**	**	14	0	
Cospeito	17.6	24.25	32.9	24	12.4	7.5	2	126	48.5	12	-3	86	100	55	50	231	2180	5	47	12	**	**	**	**	12	0	
Courel	17.5	24.04	32.2	24	12.6	9.1	30	114	28.7	19	-27	78	98	51	51	232	2220	7	62	29	928	**	**	**	11	0	
Feiranova-Santaballa	17.2	24.03	33.0	24	11.5	8.0	1	93	23.5	8	-32	90	100	63	50	227	2134	4	41	8	960	**	**	**	10	0	
Fontaneira	15.6	20.89	29.1	24	11.9	7.9	30	123	33.7	3	13	84	98	62	53	240	2068	**	70	18	905	**	**	**	15	0	
Foz	18.4	22.1	25.6	18	14.8	12.9	6	57	14.2	19	-63	87	99	69	49	223	2100	7	45	29	1008	**	**	**	10	0	
Fragavella	15.9	20.38	30.9	24	11.7	8.0	2	68	13.5	29	-35	88	99	67	40	182	1896	10	56	9	947	**	**	**	12	0	
Guitiriz-Mirador	16.5	22.46	31.3	24	12.6	9.8	30	96	21.5	8	-23	85	99	57	44	203	2013	6	43	27	938	**	**	**	13	0	
*Labrada	16.3	20.82	30.6	24	12.7	9.3	2	72	16.8	12	-38	83	96	62	45	207	2019	**	42	27	**	**	**	**	12	0	
*Lourenzá	19.5	24.71	35.4	24	15.0	13.0	30	73	21.2	8	**	83	97	62	**	**	**	2	**	8	**	**	**	**	9	0	
Marroxo	17.7	23.97	32.8	24	13.2	8.9	30	108	36.9	12	-29	81	99	53	49	223	2240	7	57	29	943	**	**	**	10	0	
*Míllara	19.6	26.74	35.3	24	14.6	11.5	30	83	16.3	12	**	79	97	51	**	**	**	4	54	4	**	**	**	**	10	0	
Monforte	20.3	27.52	36.4	24	14.4	9.7	30	135	33.1	8	-33	83	100	49	52	238	2259	3	48	2	**	**	**	**	11	0	
*Morelle	19.1	26.75	35.5	24	13.1	7.2	30	60	14.1	6	-60	81	100	51	40	184	1926	**	29	6	967	**	**	**	9	0	
O Cebreiro	14.7	21.41	29.3	24	9.9	4.8	30	220	44.7	9	98	87	100	63	51	234	2176	9	50	29	871	**	**	**	15	0	
O Xipro	16.9	23.49	32.0	24	12.0	8.1	30	166	37.1	3	33	79	97	52	51	233	2153	8	44	9	926	**	**	**	16	0	
O Xistral	14.9	18.1	27.4	24	12.5	9.4	29	81	20.9	8	-11	**	100	**	49	223	2084	23	90	27	**	**	**	**	12	0	
*Olveda	17.3	23.81	33.2	24	12.1	9.2	20	84	15.2	12	-47	83	99	56	48	218	2082	4	38	3	**	**	**	**	13	0	
Pedro Murias	19.0	**	**	24	15.9	13.8	30	79	13.4	8	-25	93	100	78	45	207	1939	6	47	27	1011	**	**	**	12	0	
Penedo do Galo	16.3	20.08	30.8	24	13.9	11.8	2	59	11.5	8	-46	88	98	70	46	211	2002	16	58	9	**	**	**	**	10	0	
Pol	16.9	22.3	31.8	24	12.9	10.2	30	117	26.8	3	**	84	98	60	51	235	2201	8	62	7	941	**	**	**	14	0	
Portomarín	18.5	25.91	33.7	24	13.1	9.0	30	63	23.5	12	**	83	100	51	47	215	2153	**	**	**	964	**	**	**	14	0	
Riotorto	18.9	24.67	35.0	24	14.7	11.4	30	73	18.8	8	-53	87	100	59	45	205	2074	5	50	9	**	**	**	**	11	0	
Sambreixo	17.3	23.87	32.6	24	11.9	6.6	30	95	34.3	12	**	85	100	55	50	228	2155	**	**	**	**	**	**	**	14	0	
*San Clodio	20.7	27.9	36.5	24	14.3	8.7	30	91	30.4	12	**	76	99	47	**	**	**	3	33	8	982	**	**	**	9	0	
*San Fiz	19.1	25.47	33.5	24	14.3	11.0	30	126	50.3	4	17	80	97	54	30	137	1663	3	41	29	970	**	**	**	12	0	
Santa Cruz	19.0	24.6	33.5	24	13.6	9.9	30	64	16.4	8	-60	85	100	61	44	202	2046	4	31	7	**	**	**	**	9	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Serra Vacaloura	16.5	22.53	31.7	24	12.6	9.6	30	90	18.1	4	-28	90	100	64	53	244	2243	15	75	3	**	14	0		
Ventosa	16.1	21.64	29.7	24	11.5	6.8	30	136	29.8	19	7	81	95	57	52	237	2168	7	56	12	913	15	0		
*Vilamor	19.0	24.42	36.1	24	14.6	11.7	30	77	20.0	8	-28	88	100	66	43	199	1949	**	31	27	**	13	0		
*Xabrega	19.3	26.71	34.3	24	14.2	9.5	30	151	43.5	3	13	80	97	51	45	205	2114	3	47	12	978	11	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Ourense</b>																												
A Mezquita	16.6	22.73	29.4	25	10.9	6.6	30	125	29.0	9	-22	74	94	49	58	263	2386	8	52	7	902	10	0					
*A Portela	20.5	27.97	35.5	24	14.4	10.4	30	72	15.6	8	-76	73	97	43	51	232	2172	4	31	21	**	14	0					
*A Trabe	18.5	24.53	31.5	24	13.4	10.4	30	134	43.8	9	-13	75	92	52	59	258	2293	3	34	12	927	11	0					
Alto do Rodicio	15.8	21.03	29.0	24	11.6	7.2	30	187	37.1	9	54	85	99	63	56	254	2338	8	66	29	906	13	0					
Amiudal	18.0	24.53	33.2	24	13.3	10.3	30	134	36.2	1	-2	83	100	55	54	247	2228	7	67	8	952	15	0					
As Petarelas	19.1	26.49	34.0	24	13.4	8.9	30	72	24.6	8	**	78	99	46	55	250	2347	**	**	**	**	12	0					
Baltar	16.9	23.63	31.3	24	10.3	4.9	30	95	24.0	1	-40	82	100	52	54	245	2278	7	48	6	925	15	0					
Cabeza de Manzaneda	12.0	15.56	22.2	24	8.8	4.8	30	158	32.9	8	53	80	96	55	46	211	1943	15	63	7	826	15	0					
*Calvos	15.6	22.45	30.4	24	**	**	11	128	27.2	2	21	93	100	70	52	234	2142	5	47	29	**	14	**					
Casaio	15.6	20.02	27.3	24	11.8	6.8	30	80	16.3	12	**	**	94	49	**	**	**	4	54	30	**	15	0					
*Corzos	15.1	21.19	28.2	24	9.4	3.9	30	75	20.4	8	**	78	96	54	**	**	**	7	41	1	**	13	0					
Entrimo	17.6	23.94	31.4	27	12.5	8.4	30	168	61.2	8	**	86	99	64	43	196	2019	**	**	**	**	13	0					
*EVEGA Leiro	20.5	29.29	37.3	24	14.1	9.4	30	129	37.4	8	**	77	96	45	**	**	**	2	42	8	1003	14	0					
Gandarela	18.1	24.43	32.7	24	13.7	9.5	30	109	35.3	12	-18	91	100	67	47	215	2113	5	46	12	944	12	0					
Lardeira	13.4	17.84	24.5	24	9.7	4.0	30	121	20.9	12	4	**	**	60	52	238	2198	14	104	16	840	16	0					
*Larouco	19.4	26.41	34.0	24	13.9	9.1	30	85	17.6	12	**	81	100	50	**	**	**	3	83	12	956	13	0					
Laza	19.0	26.36	34.1	24	12.8	8.6	30	121	28.8	8	-28	75	98	44	57	257	2283	4	59	1	**	15	0					
Monte Medo	18.1	24.78	33.0	24	12.5	9.3	5	161	44.2	1	**	79	99	51	47	212	1752	**	**	**	**	12	0					
O Invernadeiro	16.0	22.59	29.8	25	9.7	4.9	30	175	42.4	3	41	80	99	54	55	250	2239	7	51	7	**	11	0					
Ourense	21.0	28.87	37.1	24	15.1	11.4	30	103	28.2	8	**	73	98	40	**	**	**	**	**	**	**	11	0					
Ourense-Estacións	21.4	29.02	36.7	24	15.9	12.8	30	89	18.9	9	-64	72	92	43	54	244	2219	4	52	29	1000	11	0					
*Pazo de Fontefiz	19.2	25.42	33.7	24	14.4	11.5	2	140	38.3	8	-1	79	97	55	55	252	2208	4	56	2	968	11	0					
*Ponte Boga	19.1	25.59	33.9	24	13.8	8.6	30	96	19.1	12	-40	85	100	54	49	223	2195	4	33	8	961	13	0					
*Prado	20.5	28.04	36.1	24	15.0	11.0	30	129	44.5	8	**	78	97	50	**	**	**	**	31	12	1000	13	0					
Remuíño	20.4	28.88	37.0	24	14.3	10.5	30	111	35.2	8	-28	79	98	48	49	222	2077	4	60	8	**	12	0					
*Riós	18.2	24.35	31.7	24	12.8	10.3	13	162	41.2	1	-25	76	96	50	59	266	2348	4	37	8	**	10	0					
San Xoán de Río	15.9	21.06	29.1	24	11.5	6.4	30	99	32.1	12	-30	83	98	60	54	247	2274	11	73	12	901	13	0					
Serra do Eixe	15.2	20.53	28.0	24	10.9	7.0	30	129	58.4	16	4	84	99	58	54	244	2216	10	72	16	880	15	0					
Verín-Vilamaior	19.4	27.11	33.9	24	13.5	9.3	30	137	29.8	7	-8	76	98	47	56	220	2347	6	50	29	953	12	0					
Verín-Vilela	19.5	27.36	35.2	24	12.6	7.3	30	159	29.8	7	-19	82	100	48	61	278	2412	3	47	29	**	11	0					
Viana do Bolo	17.1	24.07	31.1	24	10.7	6.0	30	107	29.3	8	-31	81	99	54	54	247	2276	5	47	8	920	11	0					
Xares	12.8	17.46	24.5	24	9.2	5.7	10	113	19.5	9	-7	76	94	51	51	233	2129	17	73	7	826	17	0					
Xinzo	17.8	24.69	33.2	24	11.4	8.1	5	84	23.4	8	-43	84	100	55	45	205	2126	7	48	8	944	11	0					
Xurés	16.4	21.25	28.6	24	12.1	6.8	30	137	27.7	13	2	83	99	60	58	264	2332	10	51	8	898	14	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 6



Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Simes	19.6	25.05	30.9	6	14.5	11.9	30	59	25.4	8	-8	82	96	63	56	253	2128	**	32	6	**	8	0		
*Soutomaior	19.5	25.15	31.2	27	15.0	12.5	21	54	18.1	8	**	87	100	65	**	**	**	**	26	7	995	9	0		
*Torrequeintáns	20.3	25.42	31.6	6	15.6	12.8	30	50	19.7	8	-91	86	99	67	57	257	2337	4	45	7	1007	5	0		
*Tremoedo	19.6	24.33	30.5	23	15.1	12.2	20	71	31.4	8	**	80	97	60	**	**	**	3	33	18	1007	6	0		
Vigo	20.0	24.56	30.8	27	16.2	13.8	1	97	54.5	8	**	77	92	60	**	**	**	**	**	**	**	8	0		
Vigo-Campus	18.3	22.3	29.1	6	14.7	12.1	30	97	36.2	8	--	84	98	66	--	--	2482	5	38	19	963	12	0		
Xesteiras	17.0	20.68	27.3	23	13.9	10.1	30	136	29.1	8	**	87	99	70	**	**	**	20	82	6	933	13	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.


# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA XUÑO 2023



# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA XUÑO 2023



# CHUVIA ACUMULADA DIARIA XUÑO 2023



# REFACHO MÁXIMO DIARIO XUÑO 2023

